

ESQUEMA DA FILOSOFÍA VITALISTA DE NIETZSCHE

1) FILOSOFÍA DESTRUTIVA: destruír as pilastras da cultura occidental.

A CULTURA OCCIDENTAL APÓIASE EN TRES PILASTRAS QUE TENDEN AO NIHILISMO (NADA)

ANTROPOLOXÍA



A **esencia humana** non é a razón, senón a **vida**: non o racionalismo senón o **vitalismo** (irracionalismo). Isto implica unha **nova linguaxe filosófica: non racional senón poética, metafórica**: que capte os impulsos que gobernan a vida. Como se valorou a razón por enriba da vida esta concepción antropolóxica tende a valorar algo que non é verdadeiro: a nada: **nihilismo**

METAFÍSICA

a) **ontoloxía**: valorouse o mundo estático da razón e non o cambio dos sentidos
b) **gnoseoloxía**: valoráronse os conceptos e non as metáforas: novo concepto de verdade pragmática e nova gnoseoloxía: perspectivismo.
c) **ciencia**: reduce a números a vida. A nova ciencia ten que ser alegre “gaia ciencia”. Tanto a ontoloxía (valorando o mundo estático), coma a gnoseoloxía (valorando os conceptos por riba das metáforas), coma a ciencia (reducindo a realidade a números), tendeu a valorar algo que non é verdadeiro: a nada: **nihilismo**.

MORAL E RELIXIÓN

O cristianismo instaurou a “moral de escravos” e non a “**moral de señores**”. Puxo o acento no “outro mundo” minusvalorando o mundo terreal: o único que hai. **A moral xudeo-cristiá de escravos valorou o máis alá (ceo) por riba do terreal desprezando os valores da vida e ensalzando os valores do ceo**. Valorou algo que non existe: a nada: **nihilismo**.



A CIVILIZACIÓN OCCIDENTAL TENDEU AO NIHILISMO

A) Primeiro é un **nihilismo pasivo**: non nos demos conta de que os nosos valores tendían a afirmar valores que non existen: a nada.

B) Pero agora tense que converter en **nihilismo activo**: darnos conta de que estes valores afirman a nada e comezar a derrubalos: destruílos. Isto significa a “**morte de Deus**”, entendendo por Deus todos estes valores e tamén a figura cristiá de Deus como símbolo destes valores

2) FILOSOFÍA CONSTRUTIVA: Construír novos valores.

NOVOS VALORES DA FILOSOFÍA DE NIETZSCHE QUE SUBSTITÚEN AOS ANTIGOS VALORES

SUPERHOME/ULTRAHOME

A xeración actual representa o **“ultimo home”** que deberá ser substituído no futuro polo **superhome**. Na súa obra mestre **“Así falou Zaratustra”** o capítulo titulado **“Das tres transformacións:**

a) **do camelo** (que carga coa joroba da culpa cristiá: nihilismo pasivo),
b) **hai que pasar ao león** (destrución activa dos antigos valores: filósofo a martelazos,
c) **ata chegar ao neno:** símbolo do superhome por deixar atrás o peso da culpa do camelo, da rabia do león e ser inocente: **afirmar a vida coma un xogo creativo, metafórico e poético** e deixar atrás a **“mentira milenaria”** da razón e do outro mundo de valores falsos.

VONTADE DE PODER

É a **esencia do superhome, da vida e do mundo: afirmar aquilo que fortalece a vida** e deixar os valores antigos que negan e mortifican a vida. **Recuperar o “sentido da terra”** como ansia de superación, de poder, de forza vital e **eliminar os antigos valores** da metafísica occidental:

a) **Ontoloxía:** eliminar o mundo estático das ideas e substituílo polo mundo sensible.

b) **Gnoseoloxía:** eliminar os conceptos e substituílos por metáforas: verdade pragmática.

c) **Ciencia:** eliminar a antiga ciencia “seria” dos números e substituíla pola ciencia “alegre” (gaia ciencia).

ETERNO RETORNO

Elimina a concepción do tempo cristiá como unha liña recta con principio e final (biblia: dende o “xénese” ata o “xuizo final” e recupera a antiga concepción do tempo dos presocráticos con un círculo (ciclos cósmicos) que retorna eternamente.

Tema clave da súa obra mestra **“Así falou Zaratustra”** na súa terceira parte, capítulo **“Da visión do enigma”**: **significa a afirmación de cada instante do tempo coma se fose a repetirse eternamente**. É coma unha “inmortalidade nesta vida” e non na outra como afirmou a filosofía e a relixión. Implica un **“carpe diem”**: **vive o momento coma se fose a repetirse eternamente**.

3.- INFLUENCIAS

- A) **Heráclito** inflúe nel pola súa defensa de que na realidade “todo flúe”: inflúe no seu modo de entender o vitalismo.
- B) **Crítica radicalmente o dualismo cosmolóxico inaugurado por Platón**, que converte a toda a cultura occidental en “platonismo”.
- C) É un filósofo **irracionalista e vitalista** que rexeita os conceptos da razón e a lóxica.
- D) **Schopenhauer** inflúe en Nietzsche polo seu irracionalismo e Kant pola súa crítica da metafísica.
- E) Xunto con **Freud e Marx** é un dos tres **“filósofos da sospeita”**, segundo Paul Ricoeur.
- F) A súa filosofía **enlaza co “neopositivismo”** pola súa crítica da metafísica e polas súas análises dos erros da linguaxe.
- G) Influirá **na literatura universal**. Por exemplo, en **Milá Kundera “A insoportable levedade do ser”** onde adopta a idea de “eterno retorno”.
- H) A súa **suposta influencia nas ideas do prenazismo**, foi desmentida a partir do maio do 68 francés, recuperando a filosofía de Nietzsche o seu carácter contestatario contra os valores establecidos.
- I) **Inflúe no “segundo Heidegger”** pola utilización da linguaxe poética na filosofía.
- J) **Inflúe no racio-vitalismo de Ortega y Gasset**: Pero o vitalismo irracionalista de Nietzsche opónse ao vitalismo de Ortega y Gasset, Pois Ortega defende un racio-vitalismo que non nega a razón, anque esta deba estar ao servizo da vida. Para Ortega a vida debe ser racional, pero a razón tamén debe ser vital. Calquera desequilibrio entre as dúas trae consigo unha dexeneración.
- K) Tamén inflúe na linguaxe da **“razón poética”** de **María Zambrano**.